

Matrícula 2018-2019

Circular 3/2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

PREINSCRICIÓN

Deberá facer preinscrición todo o alumnado de novo acceso que se matricule en 1º curso de nivel básico, de acordo coas instrucións que figuran no **anexo III**. Ademais, considérase alumnado de novo acceso:

- Alumnado procedente das probas de clasificación
- Alumnado de acceso directo por titulación
- Alumnado que se incorpora á ensinanza presencial tras superar as probas de certificación polo réxime libre
- Alumnado procedente de traslado de expediente
- Antigo alumnado que non estivera matriculado polo réxime oficial no curso anterior
- Alumnado oficial do curso 2017/2018 con renuncia ou anulación de matrícula

ENLACE: <https://www.eoidigital.com/preinsxunta>

Prazo de preinscrición: *do 3 ao 16 de setembro*

A aplicación asignaralle un número a cada solicitude para o sorteo que se levará a cabo para a adxudicación de prazas (ver puntos 2.3, 2.4 e 2.5 da Circular)

MATRÍCULA

A matrícula deberá ser feita **on-line**, de acordo coas instrucións que figuran no **anexo IV**. O alumnado oficial do curso 2017-2018 deberá matricularse sen necesidade de facer preinscrición, senón que deberá realizar a reserva da praza en liña.

ENLACE: <https://www.informaticacentros.com/xunta>

Unha vez realizada a matrícula en liña e obtida a correspondente confirmación, deberá procederse ao pagamento dos prezos públicos, de acordo coas instrucións establecidas; feito isto, dentro do prazo estipulado e **a efectos de formalizar a matrícula**, deberá presentarse na secretaría do centro a seguinte documentación:

1. Dúas copias da confirmación da matrícula on-line.
2. Xustificante de liquidación dos prezos públicos, tendo en conta as seguintes situacións de exención ou redución:
 - Familia numerosa: categoría xeral (50% de bonificación), categoría especial (gratuíta). Presentar título de familia numerosa.
 - Funcionarios docentes en activo (agás servizos xerais, inscrición por primeira vez gratuíta). Achegar certificado da Xefatura Territorial de Educación.
 - Discapacidade: gratuíta para persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%. Xuntará informe de recoñecemento do grao.
 - Víctimas de actos terroristas (así como cónxuxes e fillos), gratuíta
 - Víctimas de violencia de xénero (e os seus fillos), gratuíta
 - Beneficiarios de bolsas ou axudas ao estudo, gratuíta. Xustificarse coa solicitude de tela solicitado. Deben ter en conta que, no caso de non concedérllela, teñen que aboar a matrícula e máis os xuros de mora.
3. O alumnado de novo acceso terá que presentar fotocopia do DNI ou NIE.

4. Os menores de 16 anos presentarán certificado do centro no que estean matriculados, que acredite a primeira lingua estranxeira cursada no réxime ordinario no presente curso escolar, ou fotocopia compulsada da documentación que o acredite. (**)
5. O alumnado que acceda por primeira vez a un curso distinto de 1º de básico deberá xustificalo, ben coa titulación de acceso correspondente, ben coa certificación dos estudos cursados noutra escola de idiomas, etc.
6. Se é o caso, solicitude de adaptación de exame necesaria para a realización das probas. (**)
7. Os alumnos menores de idade achegarán o impreso de datos de contacto para a notificación de faltas, debidamente cumprimentado. (**)
8. Poderase fraccionar o pago de matrícula en dous prazos:
 - 1º prazo.- Realizarase o pago no momento da matrícula e o importe será a suma dos “servizos xerais” máis a metade do concepto de “matrícula curso completo”.
 - 2º prazo.- No caso de fraccionar o pagamento da matrícula, haberá que entregar o documento para o pago do 2º prazo, cos 20 díxitos da conta bancaria para a domiciliación do pago fraccionado, cuberto e asinado, xunto co certificado da conta bancaria, onde conste o IBAN e titularidade do alumno/a. O importe será a metade do concepto “matrícula curso completo”. O cobro pasarase pola Consellería de Facenda a primeiros do ano 2019. (*)

(*) Entidades colaboradoras: Banco Santander, Banco Popular, Banco Sabadell, Banco Caixa Geral, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, Targobank S.A., Banco Pastor, Evo Banco S.A., Bankia, Abanca, Ibercaja, CaixaBank (La Caixa), Caixa Rural Galega, Caja Rural Zamora.

(**) Os impresos que se demandan pódense atopar para a súa descarga na páxina da escola, no apartado “formularios”.

Prazos de matrícula

Ordinaria

- Alumnado oficial e alumnado procedente de That's English “apto” na convocatoria de xuño de 2018 **do 2 ao 10 de xullo**

Extraordinaria

- Alumnado apto en xuño que non formalizase a súa matrícula no prazo establecido **do 3 a 10 de setembro**
- Alumnado oficial e alumnado procedente de That's English coa cualificación de “apto”, “non apto” ou “non presentado” na convocatoria extraordinaria de setembro..... **do 10 ao 14 de setembro**
- Alumnado de novo acceso que obtivese praza na adxudicación do 17 de setembro **do 18 ao 28 de setembro, ás 12 horas**

Finalizado o prazo de matrícula, e ata o **día 11 de outubro** no caso de que quedasen vacantes, as EOI's poderán cubrir as mesmas.

IMPORTANTE: O alumnado que non formalice a súa matrícula no prazo establecido, presentando **TODA** a documentación requirida na secretaría do centro, perderá o dereito á praza asignada e só se poderá matricular unha vez finalizado o proceso de matrícula no caso de quedaren prazas vacantes.

INFORMACIÓN DE INTERESE

As datas de realización das probas parciais de febreiro e finais de xuño e setembro poderán realizarse en días e horas diferentes aos horarios ordinarios das clases do curso onde se matricula. Na convocatoria de setembro poderán coincidir as probas de distintos idiomas na mesma data e hora.